

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE TURISMO RURAL (FEGATUR) PARA O MANTEMENTO E SOPORTE DUN SERVIZO DE RESERVAS PARA ALOXAMENTOS DE TURISMO RURAL DE GALICIA

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, **D^a María Nava Castro Dominguez**, en representación da Axencia Turismo de Galicia, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de directora, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016), e actuando en virtude das facultades conferidas polos artigos 5 e 19 dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos


Doutra parte, **D. Cesáreo González Pardal**, en calidade de presidente da Federación Galega de Turismo Rural (en adiante, FEGATUR), en virtude do acordo recollido na acta da asemblea celebrada en data do 22 de decembro de 2011.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

EXPOÑEN

I.- Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus Estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é a entidade da Xunta de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

II.- Que FEGATUR é a asociación sen ánimo de lucro máis representativa de aloxamentos de turismo rural, cuxa finalidade é a promoción do turismo rural de Galicia así como fomentar, dinamizar e mellorar todas as actividades empresariais dos seus asociados relacionados co Turismo Rural.



III.- A Estratexia Turismo de Galicia 2020 recolle entre as súas accións a liña 1.2.2 Estratexia de revitalización do turismo rural e a liña 11.2.1 Apoio no manexo de ferramentas TIC.

Unha das actuacións que de forma continua se acometeu desde a Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A. (Turgalicia) primeiro, e desde a súa extinción pola Axencia Turismo de Galicia é a implantación dun sistema de reservas de aloxamentos de turismo rural no portal de Turismo de Galicia (<http://turgaliciarural.es/>), onde se poden realizar as reservas de aloxamento rural *online*, así como a implantación dunha aplicación informática en cada aloxamento de turismo rural que permite a súa xestión.

A prestación deste servizo contribuíu ao desestacionamento do turismo e a potenciación do turismo rural ao promocionalo e facilitar o contacto entre os turistas interesados e os aloxamentos existentes.

A central de reservas *online* para turismo rural iniciouse en 2010. Neste tempo a ferramenta informática de comercialización e posta a disposición dos aloxamentos rurais cumpriu o seu fin, tal e como demostran as cifras acadadas ata o momento. Na actualidade a central *online* posibilita a reserva de 133 establecementos de turismo rural repartidos nas catro provincias galegas: Pontevedra (34 aloxamentos) e A Coruña (56 aloxamentos) son as que ofertan un maior número de alternativas, segue Lugo (24 aloxamentos) e finalmente Ourense (19 aloxamentos).

Os datos desagregados por anos reflíctense na seguinte táboa:

ano	nº reservas	noites de aloxamento
2010	1.788	15.704
2011	1.992	15.476
2012	1.766	12.384
2013	2.117	13.673
2014	6.348	19.443
2015	8.268	31.364
2016	9.118	41.025
2017	11.155	44.968

A coordinación e funcionamento do sistema de reservas de aloxamentos de turismo rural realizárase a través de FEGATUR de xeito que se potencie esa ferramenta e a adapte ás súas necesidades sen por iso reducir a súa universalidade. Por parte da Axencia Turismo de Galicia considérase axeitado, por razóns de interese público, colaborar economicamente no obxecto do presente convenio, e o feito de que a citada central de reservas para turismo rural teña unha taxa de implantación case

unánime nos establecementos rurais con sistemas de información implantados, e o seu peso a nivel de España en xeral e de Galicia en particular nos establecementos de turismo rural, xustifica a dificultade para promover a súa convocatoria pública segundo dispón o artigo 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

En consecuencia e, dado o interese coincidente da Axencia Turismo de Galicia e de FEGATUR, as partes acordan asinar o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

1. O obxecto do presente convenio é o outorgamento dunha subvención directa para sufragar os gastos derivados do mantemento dun **sistema de información vinculado aos aloxamentos de turismo rural de Galicia** durante o ano dous mil dezaioito, de forma que permita:

- a xestión interna dos aloxamentos: configuración dunha web propia de cada aloxamento, a elaboración de facturas, o control de ingresos e gastos, as fichas policiais, as estatísticas de ocupación, a xestión da calidade, e outros aspectos relacionados coa xestión dun aloxamento de turismo rural.
- o soporte e mantemento preventivo de erros, evolutivo e soporte técnico da aplicación implantada nos aloxamentos adheridos.
- a implantación de licenzas novas para os aloxamentos que non contén con este servizo e soliciten adherirse.
- a xestión na realización da reserva inmediatamente por parte doutros operadores turísticos ou por parte dun usuario, ou por parte doutros operadores de xeito que se facilite a realización da reserva.
- a posibilidade de confeccionar paquetes turísticos e comercializalos a través da plataforma, coas debidas autorizacións.
- a posibilidade de realizar vendas cruzadas doutros servizos turísticos que sexan de interese para o turista que realiza a reserva nalgún aloxamento rural.
- a actualización do software a medida que varíen as necesidades e os mercados turísticos.

- a obtención de datos estatísticos que axudarán a coñecer a evolución do sector facilitando os traballos de planificación e contraste das políticas de promoción turística, que se incluírá na memoria xustificativa final.
- A posibilidade de que os aloxamentos poidan incorporar a súa oferta establecendo a súa dispoñibilidade nun único canal e que este estableza unha comunicación bidireccional cos principais Operadores Dixitais e Maioristas (OTA: Online Travel Agency), é dicir, un Channel Manager.
- Este sistema de información debe ser extensible a todos os aloxamentos de turismo rural que o soliciten, sexan ou non membros da asociación beneficiaria.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para a realización das actuacións previstas neste convenio ascende a 23.521,21€, (IVE incluído).

O número total de establecementos de turismo rural adheridos ao presente convenio son 133, dos cales 129 establecementos se acollen ao convenio usando o software para a xestión dun aloxamento (PMS) e o motor de reservas. Así mesmo, un total de 80 establecementos dos 133 establecementos usarían o servizo de channel manager.


Os conceptos descritos poderán sufrir variacións sempre que non se altere a contía total do convenio, que en todo caso terá carácter de máximo.

A Axencia Turismo de Galicia achegará a cantidade de 23.521,21€, con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.781.1, 2015 00005 (fomento do turismo) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para 2018.

A achega da Axencia Turismo de Galicia queda sometida ao réxime de minimis nos termos establecidos no Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis, (DOUE L 352/1 do 24.12.2013).

Terceira. Obrigas de FEGATUR

FEGATUR queda obrigada ao cumprimento do obxecto do convenio, en concreto o **servizo de reservas de aloxamentos de turismo rural de Galicia** durante o ano dous mil dezaioito, **de forma**



que dea cobertura a todos os aloxamentos de turismo rural interesados en adherirse, comprometéndose a:

1. Xestionar baixo a súa exclusiva responsabilidade todas as prestacións que a ferramenta tecnolóxica contén. Por tanto, coa entrada en vigor do presente convenio, a Xunta de Galicia queda eximida de toda canta responsabilidade se poida derivar da prestación deste servizo.
2. Ofrecer o servizo descrito na cláusula primeira a todos cantos establecementos de turismo rural o soliciten.
3. Entregar á Axencia Turismo de Galicia unha memoria das actividades realizadas co listado dos aloxamentos adheridos ao servizo de reservas.
4. Executar o orzamento previsto na cláusula segunda.
5. Facer constar a cooperación da Axencia Turismo de Galicia en toda a información que se difunda sobre as actuacións, tanto nos medios de comunicación como no material informativo que se puidera distribuír.
6. Incluír a marca turística de “Galicia” nas actuacións obxecto do presente convenio de colaboración, seguindo as indicacións do manual de uso. Para a aplicación correcta da marca, deberán descargar da páxina <http://www.xunta.es/identidade-corporativa/marca-galicia> os arquivos informáticos cos elementos gráficos en calidade e formatos axeitados así como as condicións de uso.
7. Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de control do destino do investimento.
8. Presentar, con anterioridade á sinatura do convenio, as certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e de non ter débedas pendente por ningún concepto coa Xunta de Galicia.
9. Achegar unha declaración sobre calquera outra axuda de minimis recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso (artigo 3.2 do Regulamento(UE) nº1407/2013, da Comisión, de 18 de decembro, relativo ás axudas de minimis).



10. Achegar unha declaración de (ademais das axudas de mínimos) “outras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución (para os mesmos gastos subvencionables), das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades”.
11. Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.
12. Todos os demais compromisos establecidos no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia.

Cuarta.- Compromisos da Axencia Turismo de Galicia

A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar con FEGATUR para a mellor consecución dos fins deste convenio e procederá ao pagamento dos gastos correspondentes a este convenio, para o ano 2018, a favor desa entidade unha vez que esta achegue as correspondentes facturas acompañadas dos xustificantes de pagamento das actuacións realizadas, así como o resto da documentación xustificativa establecida na cláusula oitava.


Quinta.- Compatibilidade

De acordo co disposto no artigo 40.1º, letra d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

Sexta.- Subcontratación

Poderá subcontratarse as actividades previstas neste convenio ata o 100%, de conformidade co disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.



Sétima.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria á Axencia Turismo de Galicia.

Oitava.- Xustificación de fondos e pagamento

A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, e conterà, con carácter xeral, coa seguinte documentación:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que contará:
 - a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.
 - b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago. Non se admitirán pagamentos en efectivo.
 - c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custes xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).
 - d) Unha relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
 - e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.
 - f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados de estes.

g) Deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

Por outro lado, FEGATUR deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

A cantidade máxima que se obriga a aportar a Axencia reducirase na mesma proporción que represente a cantidade non xustificada respecto do orzamento total.


A comunicación relativa á obtención de outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflicta o importe de retención ou cotizacións devengadas na data de xustificación. FEGATUR quedará obrigado a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, serán subvencionables os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son



subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido FEGATUR como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se teñan efectuado desde o **1 de xaneiro de 2018**.

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo gardan relación directa co obxecto do presente convenio.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será desde a formalización do convenio ata o **10 de decembro de 2018**.


O importe correspondente ao IVE só poderá ser imputado ao convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada por FEGATUR, o cal deberá ser acreditado por esta coa xustificación do convenio.

Novena.- Pagamentos anticipados e pagamentos a conta

Poderanse realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio. Os pagamentos anticipados serán de ata o 50% do importe que se obriga a aportar a Axencia Turismo de Galicia.

Así mesmo poderanse realizar pagos a conta. Os ditos pagamentos a conta poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, pagándose por contía equivalente á xustificación presentada ata a porcentaxe establecida a continuación. A suma dos pagamentos a conta máis os anticipos previstos no parágrafo anterior non serán superiores ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagos xustificados.

Para proceder ao seu pagamento, FEGATUR deberá enviar a documentación relacionada na cláusula oitava referida á xustificación. Os primeiros gastos xustificados servirán de xustificante do



pagamento anticipado realizado. Unha vez xustificada a totalidade do anticipo, os seguintes gastos abonaranse mediante o sistema de pagamento a conta ata o límite do 80% referido.

Os pagos a conta e os pagos anticipados deberán estar garantidos de conformidade co establecido no artigo 67 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia. A garantía deberá cubrir o 110% do importe das contías pagadas a conta ou das cantidades anticipadas. En todo caso, de acordo co artigo 65.4.i) do citado Decreto, quedan exonerados da constitución de garantía, os beneficiarios das subvencións concedidas das que os pagos non superen os 18.000 €. No caso de pagos anticipados e/ou pagos a conta o importe anterior enténdese referido á cantidade acumulada dos pagos realizados.

Décima.- Reintegro

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, FEGATUR deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



Décimo primeira.- Comisión de seguimento

Constituirase unha Comisión Mixta de Seguimento e Control do convenio, formada por tres representantes da Axencia Turismo de Galicia e tres de FEGATUR, co obxecto de realizar un seguimento do cumprimento do convenio e da súa execución, así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das súas cláusulas.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décimo segunda.- Natureza e réxime xurídico

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da Lexislación de Contratos das Administracións Públicas, segundo a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, que os exclúe expresamente no apartado 2 do artigo 6.



Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve, en canto non se opoña ao establecido na antedita Lei 9/2007; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro e pola demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa e contra elas poderase interpor recurso contencioso-administrativo segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

Décimo terceira.- Causas de resolución e modificación

1. Serán causas de resolución deste convenio:

- o incumprimento total do seu obxecto.
- o incumprimento total de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- o transcurso do tempo estipulado sen que culminen as actividade acordadas.
- o mutuo acordo das partes asinantes.
- a decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Décimo cuarta.- Publicidade do convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.



Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Décimo quinta.- Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

As partes asinantes autorizan e consenten a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

Décimo sexta.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2018.


En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por duplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

Pola Axencia Turismo de Galicia
A directora de Turismo de Galicia



Mª Nava Castro Domínguez

Pola Federación Galega de Turismo Rural
O Presidente de FEGATUR



Cesáreo González Pardal